

## Orientacións para o estudiantado sobre o comezo do curso

Nuns días comezaremos as clases dun novo e complexo curso. A Xunta de Facultade decidiu manter todo o posible a presencialidade, coas medidas de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias. Isto tradúcese maioritariamente en que teremos clases interactivas presenciais e clases expositivas virtuais nas titulacións de Grao da Facultade. No caso dos mestrados serán as súas coordinadoras e coordinadores os/as que informarán sobre como será a docencia nas súas materias.

O modelo docente aprobado na Facultade podes consultalo no apartado COVID-19 do menú da web da Facultade (<http://www.educacion.udc.es/documentos/administracion/2020-21/modelo-docente-COVID-19.pdf>), onde tamén poderás consultar o protocolo de seguridade e hixiene aprobado no mes de xullo (<http://www.educacion.udc.es/documentos/administracion/2020-21/PLAN-PREVENCIÓN-EDUCACIÓN.pdf>), a capacidade COVID das aulas e dependencias da Facultade (<http://www.educacion.udc.es/documentos/covid-19/Capacidade-das-aulas.pdf>) e as indicacións de cada docente sobre como se impartirá a materia e como será a primeira clase de presentación (<http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=Presentacion-das-materias-de-grao>).

Compre, tamén, lembrar algúns comportamentos básicos a ter en conta para o inicio do curso nestes tempos de pandemia, sen esquecer que a autoprotección é a clave para manter a seguridade propia e colectiva. Entre os máis importantes:

1.- Na entrada ao centro usa o xel hidroalcohólico e segue as sinalizacións que indican como moverse pola Facultade. Especialmente respecta as marcas de distancia existentes nos diferentes servizos do centro (biblioteca, conserxería, administración, reprografía, cafetería). Na zona de conserxería atoparás un punto de control voluntario de temperatura. Se o necesitas poderás comprobar alí se a túa temperatura corporal é ou non normal. Lembra: se tes síntomas non debes asistir a clase. Se asistes e tes febre ou outros síntomas informa diso ao coordinador COVID do centro (vicedecano Roberto Suárez Brandariz) ou ao profesor/a máis próximo. Nese suposto e en espera de instrucións sanitarias deberás permanecer na sala COVID que se habilitou á beira do salón de actos (planta -3).

2.- Evita estar fora da aula facendo grupos nos corredores. Unha vez na túa aula, o primeiro día, só poderás utilizar os pupitres marcados cunha etiqueta. Pon na que ocupes o teu dni e usa esa e só esa mesa ao longo do curso (se tiveras que usar outra por mor da actividade programada nunha materia pon tamén nela o teu DNI). Deste xeito no caso de que algún/a compañeiro/a presente síntomas poderemos facilitar a trazabilidade dos contactos.

3.- Na aula disporás de desinfectante e papel para limpar a túa mesa antes de usala. Ten en conta que, noutro horario, poderá utilizar esa mesa outro/a compañeiro/a doutro grupo. Os servizos de limpeza intensificarán a desinfección todo o que sexa posible e, especialmente entre as quendas de mañá e tarde.

4.- Estudantes de Grao: Antes de vir ao centro o primeiro día comproba en que grupo interactivo estás e que aula che corresponde ([http://www.educacion.udc.es/documentos/novas/2020/GRUPOS\\_2021.pdf](http://www.educacion.udc.es/documentos/novas/2020/GRUPOS_2021.pdf)). Debes comprobar no documento que se fixo público na web que instrucións dá o teu profesorado para o primeiro día de presentación. Ese día os docentes vos proporcionarán as instrucións necesarias para o seguimento do curso (<http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=Presentacion-das-materias-de-grao>). Os estudantes dos primeiros cursos de Grao terán a súa presentación na data, hora e lugar fixado nas Xornadas de Acollida publicadas nos destacados da web (<http://www.educacion.udc.es/documentos/novas/2020/XORNADA%20ACOLLIDA%2021.pdf>)

Estudantes de mestrado oficial: A inauguración oficial do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas será o día 21 de setembro ás 16 horas a través de videoconferencia. O programa estará dispoñible nestes días na web do mestrado (<http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/index.php>).

A inauguración oficial do resto dos mestrados da Facultade terá lugar o día 1 de outubro ás 16 horas no salón de actos da Facultade (<http://www.educacion.udc.es/documentos/novas/2020/MESTRADOS%20PRESENTACION%202020%202021.pdf>).

5.- Debes estar moi atento/a ao correo electrónico da universidade, a Moodle, a Teams e á web do centro (destacados e noticias especialmente). Son os medios de comunicación que o profesorado utilizará para comunicarse contigo e para impartir a docencia virtual (clases expositivas). Tamén sería moi importante que descargues a aplicación do campus virtual da UDC no teu smartphone (<https://download.moodle.org/mobile?version=2020061500&lang=es&iosappid=633359593&androidappid=com.moodle.moodlemobile>)

6.- Só poderás entrar ao centro pola planta 0, e só se poderá entrar por unha porta e saír por outra (tal e como están indicado). O acceso á cafetería só se poderá realizar pola porta exterior.

7.- É obrigatorio o uso de máscara durante todo o tempo que esteas no centro, e é aconsellable o lavado frecuente de mans ou, na súa falta, o uso do xel hidroalcohólico. A distancia interpersonal na aula estableceuse coa supervisión do servizo de prevención de riscos laborais. O criterio foi aproximarse o máximo posible ao metro e medio de distancia, para o que se deixou sempre unha mesa libre entre pupitres.

8.- Para o uso dos cuartos de baño deberedes seguir as indicacións dos carteis situados na porta de entrada.

9.- O uso das máquinas expendedoras está autorizado, pero deberedes usar o xel hidroalcohólico antes e despois de obter o produto.

10.- Para a realización das titorías segue as instrucións que che de o teu profesorado. Ten en conta que poden ser presenciais ou virtuais e, en calquera dos casos, será conveniente que solicites a titoría por email ou outro medio.

11.- Durante o curso poderanse utilizar as aulas net, pero co límite derivado do distanciamento (un pupitre libre entre medias). Debes desinfectar o teclado e o rato antes de comezar, usando para iso o material de desinfección do que disporás na aula net.

12.- Por último, aínda que o profesorado terá instrucións de ventilar as aulas é importante que colabores nesta tarefa, ventilando sempre que sexa posible.

Neste curso todos e todas aprenderemos moito de nós mesmos e dos demais. Vivimos un momento no que se espera moito de nós, e isto implica un sobreesforzo no noso traballo e na nosa dedicación. Contamos con vós, contade con nós.

O equipo decanal